

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONES

TÍTULO I.-DISPOSICIONES XERAIS

Artigo 1º.- OBXECTO E PRINCIPIOS XERAIS.-

A) Constitúe o obxecto destas normas a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento da subvencións municipais, no marco do réxime xurídico definido na Lei Xeral de Subvencións, aprobada por Lei 38/2003, de 17 de novembro.

B) Considerase subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello de Salceda de Caselas a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeito ó cumprimento dun determinado obxectivo, é execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concurrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

As subvencións otorgárasen de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concurrencia, igualdade, non discriminación, eficacia, eficiencia e con adecuación á legalidade orzamentaria.

Cando por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que teña que executar aquela actividade non sexa posible promover a concurrencia pública, as subvencións outorgáranse mediante resolución o acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria no réxime de concurrencia, así como a forma en que deberá de ser xustificada a aplicación dos fondos recibidos.

Artigo 2º.- ACTIVIDADES EXCLUÍDAS.-

1.- Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias entre diferentes Administracións Públicas, así como entre a Administración e Organismos e outros entes públicos dependentes

destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio da súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración Local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- a) Os premios que se otorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións previstas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.
- c) As subvencións reguladas na Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiación dos Partidos políticos.

Artigo 3.- CARACTERÍSTICAS DAS SUBVENCIONES.-

- a) Estarán afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu otorgamento.
- b) Non poden obedecer a mera liberalidade.
- c) Non poderán invocarse como precedente.
- d) En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.
- e) As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se estableza na resolución da concesión.

Artigo 4º.- BENEFICIARIOS E ENTIDADES.-

1.- Terán a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que lexitime a súa concesión.

2.- Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente a tódolos efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ós beneficiarios cando así o estableza as bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

3.- Poderá ser beneficiario das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións, sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, domiciliadas no Concello de Salceda de Caselas, que realicen

actividades de interese municipal e se encontren debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións.

- b) As persoas físicas domiciliadas en Salceda de Caselas que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen ánimo de lucro públicas ou privadas e as persoas físicas, que non estean domiciliadas no municipio de Salceda de Caselas, que realicen actividades de interese municipal para os vecinos de Salceda de Caselas e descendentes destes.

Artigo 5.- ORIGAS DO BENEFICIARIO.-

Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade, ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión ou aproveitamento da subvención.
- c) Someterse as actuacións de comprobacións, a realizar polo órgano concedente así como calesqueira outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- d) Comunicar o órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar, con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- f) Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos esixidos na lexislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria de subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poida ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa, actividades, inversións ou actuacións de calquer tipo obxecto da subvención.
- i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.

TÍTULO II.- PROCEDEMENTO

Artigo 6.- CONVOCATORIA.-

O procedemento de aprobación de subvencións iniciarase unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria da subvención polo órgano competente. As bases como mínimo conterán:

- a) Finalidade e obxecto da subvención.
- b) Aplicación orzamentaria.
- c) Requisitos que deberán reunir os posibles beneficiarios e forma de acreditarlos.
- d) Forma e prazo de presentación das solicitudes.
- e) Documentos e informacións que deben acompañarse a petición.
- f) Lugar de presentación das solicitudes.
- g) Criterios obxectivos de valoración das solicitudes.
- h) Prazo e forma de xustificación tanto do cumprimento dos fines subvencionados como do emprego de fondos.
- i) Indicación dos órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento e comprobación da solicitude.

Salvo supostos de subvencións previstas nominativamente no orzamento, o procedemento iniciarase mediante a convocatoria efectuada polo órgano competente para asúa resolución e publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

As solicitudes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Instancia firmada polo peticionario se é persoa física ou representante legal, persoa xurídica, dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.
- b) Memoria explicativa das actividades que se pretendan realizar ou proxecto concreto para o que se pretende a subvención.
- c) Orzamento pormenorizado de gastos e ingresos da actuación/proxecto a realizar, con expresión do financiamento previsto.
- d) Para as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións certificado expedido pola Secretaría Xeral do Concello acreditando tal circunstancia.
- e) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.
- f) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- g) Certificación acreditativa de non ser deudor de Facenda Pública e de estar ó corrente de pago de todo tipo de obrigacións coa Seguridade Social.
- h) Informe da tesourería municipal conforme encontrase o corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación deste documento, o que será xestionado de oficio.

- i) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.

Artigo 8.- SUBSANACION DE DEFECTOS DE SOLICITUDES.-

Se o escrito de solicitude non reúne tódolos requisitos necesarios para a súa tramitación, se requirirá o solicitante para que subsane os defectos no prazo máximo de dez días dende a notificación. Transcurrido o prazo sen proceder polo interesado a subsanación terase por desistido da súa petición se archivarán as actuacións conforme o previsto no artigo 71 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 9.- INTRUCCIÓN.-

1.- A instrucción do procedemento de concesión de subvención corresponderá ó órgano que se designe na convocatoria.

2.- O órgano competente para instrucción poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3º.- As actividades de instrucción comprenderán a seguintes actividades:

- Petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver, que deberán emitirse no prazo regulamentario.
- Avaliación de solicitudes ou peticións segundo os criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras.

4º.- Avaliadas as solicitudes, remitirase o expediente ó órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria ós efectos de emitir informe sobre as solicitudes.

5º.- Á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, o órgano instructor formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse a tódolos interesados na forma que estableza a convocatoria, concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando no figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas aducidas polos interesados, tendo neste caso a proposta de carácter definitivo.

6º.- Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, se formulará polo órgano instructor proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes, especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala.

7º.- As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración.

Artigo 10.- RESOLUCIÓN.-

1º.- O órgano competente a vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento.

2º.- A resolución será motivada debendo quedar acreditado os fundamentos da resolución que se adopte. A resolución deberá conter o solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención e desestimación do resto de solicitudes.

3º.- O prazo máximo de resolver e notificar a resolución é de seis meses, de acordo co establecido na lexislación sobre Réxime Xurídico das Admnsitarcións Públicas e Procedemento Administrativo Común.. O prazo se computará dende a publicación da correspondente convocatoria. O vencemento do prazo sen haberse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

Artigo 11.- PAGO DA SUBVENCIÓN.-

1º.- O pago da subvención realizarase, previa xustificación, polo beneficiario ou entidade colaboradora, da realización da actividade, proxecto, obxectivo, para o que se concedeu. Os efectos deberán presentar os beneficiarios:

- Instancia suscrita polo beneficiario dirixida o Sr. Alcalde da Corporación, solicitando pago da subvención.
- Memoria da actividade/proxecto realizados.
- Factura orixinal ou fotocopias compulsadas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas deberán cumprir os requisistos establecidos para a súa expedición no RD 1496/2003.

3º.- O prazo para rendición de contas estableceranse nas diferentes bases reguladoras das subvencións, sen que ningún caso poida exceder de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

Artigo 12.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.-

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización de actividade e cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.

Artigo 13.- SUBCONTRATACIÓN.-

Enténdese que existe subcontratación cando un beneficiario concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

As bases da convocatoria de subvencións fixarán a porcentaxe máxima permitida para a subcontratación, que nunca poderá ser superior o 75% do importe da actividade subvencionada. Excepcionalmente e motivadamente nas bases da convocatoria podemos fixar outro máximo distintos.

Artigo 14.- CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCÍONS.-

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos da Corporación.
- b) Aquelas concesións impostas por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a convocatoria pública.

Respecto as subvencións nominativas as bases de execución do orzamento indicarán as subvencións deste tipo, que se formalizarán mediante convenio no que se determinará a forma de pago e xustificación da subvención. As subvencións que non requiran a forma de convenio abonarase no prazo de quince días hábiles dende a entrada en vigor do Orzamento.

Artigo 15.- RÉXIME DE REINTEGROS, DE INFRACCIÓN E SANCÍONS E DE CONTROL FINANCIERO.-

O réxime de reintegros, de infraccións e sancións e o de control financeiro rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro de

Rexime Xuridico e Procedemento Administrativo Común, e conforme a Lei Xeral de Subvencións, se comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

DISPOSICIÓN FINAIS.-

1.- O Concello de Salceda de Caselas, quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas a _____ de _____ de 2005.

Vocais: D. César A. Pérez Ares, como titular, e D^a Begoña González Tato, como suplente, ámbolos dous Concelleiros.

D^a Ana Morgadas Campo, Interventora da Corporación, como titular, e D. Ricardo Pernas Román, Adxunto a Intervención, como suplente.

D^a M^a José Vilariño Ferreiro, como titular, e D^a Paula Oroña Álvarez, como suplente, ámbalas dúas representantes sindicais do persoal laboral.

Secretaria: D^a Catalina Echevarría Buades, Secretaria do Concello, como titular, e D^a Yolanda Ferreira Pazo, Administrativa, como suplente.

3^a.—Realización das probas: Convocase a todos os aspirantes admitidos para a celebración das probas selectivas o día 7 de outubro de 2005 ás 11 horas, na Casa Consistorial, debendo presentarse co seu Documento Nacional de Identidade.

Tomino, 20 de setembro de 2005.—O Alcalde, José Luis Fernández Lorenzo. 2005008593

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 8 de agosto de 2005, aprobou definitivamente o Proxecto de delimitación de polígono nun ámbito da Travesía Padre Crespo, presentado o 20.10.04 por Promociones y Maderas Lago Rey, S. L., redactado polo arquitecto Javier Rial Lemos, visado polo COAG, con data 20.10.04, determinando como sistema de actuación urbanístico o de compensación, coa seguinte consideración que se recolle no informe do Sr. Arquitecto Municipal de data 5 de agosto de 2005: "A Cooperativa téñ na súa fronte unha rúa de titularidade privada, o cal foi recoñecido por este Concello no seu momento, e a traveso desa rúa está previsto nas NNSS un dos accesos ó polígono, existindo outro acceso ó leste -posterior-. É evidente que o acceso dianteiro -oeste- non poderá ser utilizado polo polígono mentres teña-lo carácter de privada a rúa da Cooperativa, pero non é menos certo que non pode ser eliminado dito acceso do Planeamento de Desenrolo porque existe como tal nas NNSS.

Por iso, en recoñecemento do carácter privado da rúa da cooperativa, o acceso ó polígono realizárase pola súa parte posterior -leste- de xeito exclusivo mentres se mantéña ese carácter e sen perxuízo de que nalgún momento futuro se proceda a accións para transformala en pública."

Redondela, 8 de setembro de 2005.—O Alcalde Acctal., Eduardo Reguera Ocampo. 2005008484

* * *

L A L Í N

E D I C T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación co expediente a nome de D^a María Luz López Conde, Expte. nº 3.413/05, solicitando licenza para abrir un ximnasio, sito na c/ B, nº 41-Lalín.

Lalín, a 13 de setembro de 2005.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. 2005008429

* * *

SALCEDA DE CASELAS

E D I C T O

Aprobada polo Pleno da Corporación Municipal a Ordenanza Reguladora de Subvencións, publicada no BOP nº 99 de 25 de maio, para a súa exposición o público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación á mesma, procede á publicación definitiva do seu texto íntegro, para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS

TÍTULO I.—DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1^o.—OBXECTO E PRINCIPIOS XERAIS

A) Constitúe o obxecto destas normas a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento da subvencións municipais, no marco do réxime xurídico definido na Lei Xeral de Subvencións, aprobada por Lei 38/2003, de 17 de novembro.

B) Considerase subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello de Salceda de Caselas a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra cos seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeito ó cumprimento dun determinado obxectivo, é execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concurrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- Que o proxecto, acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

As subvencións otorgárasen de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, igualdade, non discriminación, eficacia, eficiencia e con adecuación á legalidade orzamentaria.

Cando por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que teña que executar aquela actividade non sexa posible promover a concorrència pública, as subvencións outorgáranse mediante resolución o acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria no réxime de concorrència, así como a forma en que deberá de ser xustificada a aplicación dos fondos recibidos.

Artigo 2º.—ACTIVIDADES EXCLUÍDAS

1.—Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias entre diferentes Administracións Públicas, así como entre a Administración e Organismos e outros entes públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio da súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración Local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.—Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- a) Os premios que se otorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións previstas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.
- c) As subvencións reguladas na Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiación dos Partidos políticos.

Artigo 3.—CARACTERÍSTICAS DAS SUBVENCIÓNS

- a) Estarán afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu otorgamento.
- b) Non poden obedecer a mera liberalidade.
- c) Non poderán invocarse como precedente.
- d) En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo

total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

- e) As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se estableza na resolución da concesión.

Artigo 4º.—BENEFICIARIOS E ENTIDADES

1.—Terán a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que lexítimamente a súa concesión.

2.—Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente a tódolos efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ós beneficiarios cando así o estableza as bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

3.—Poderá ser beneficiario das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións, sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, domiciliadas no Concello de Salceda de Caselas, que realicen actividades de interese municipal e se encontren debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións.
- b) As persoas físicas domiciliadas en Salceda de Caselas que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen ánimo de lucro públicas ou privadas e as persoas físicas, que non estean domiciliadas no municipio de Salceda de Caselas, que realicen actividades de interese municipal para os veciños de Salceda de Caselas e descendentes destes.

Artigo 5.—OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade, ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión ou aproveitamento da subvención.
- c) Someterse as actuacións de comprobacións, a realizar polo órgano concedente así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

- d) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar, con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- f) Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos esixidos na lexislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria de subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poida ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa, actividades, inversións ou actuacións de calquer tipo obxecto da subvención.
- i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.

TÍTULO II.—PROCEDEMENTO

Artigo 6.—CONVOCATORIA

O procedemento de aprobación de subvencións iniciarase unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria da subvención polo órgano competente. As bases como mínimo conterán:

- a) Finalidade e obxecto da subvención.
- b) Aplicación orzamentaria.
- c) Requisitos que deberán reunir os posibles beneficiarios e forma de acreditarlos.
- d) Forma e prazo de presentación das solicitudes.
- e) Documentos e informacións que deben acompañarse a petición.
- f) Lugar de presentación das solicitudes.
- g) Criterios obxectivos de valoración das solicitudes.
- h) Prazo e forma de xustificación tanto do cumprimento dos fines subvencionados como do emprego de fondos.
- i) Indicación dos órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento e comprobación da solicitude.

Salvo supostos de subvencións previstas nominativamente no orzamento, o procedemento iniciarase mediante a convocatoria efectuada polo órgano competente para asúa resolución e publicada no

Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 7.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Instancia firmada polo peticionario se é persoa física ou representante legal, persoa xurídica, dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.
- b) Memoria explicativa das actividades que se pretendan realizar ou proxecto concreto para o que se pretende a subvención.
- c) Orzamento pormenorizado de gastos e ingresos da actuación/proxecto a realizar, con expresión do financiamento previsto.
- d) Para as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións certificado expedido pola Secretaría Xeral do Concello acreditando tal circunstancia.
- e) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) n o suposto de persoas físicas.
- f) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- g) Certificación acreditativa de non ser deudor de Facenda Pública e de estar ó corrente de pago de todo tipo de obrigacións coa Seguridade Social.
- h) Informe da tesourería municipal conforme encontrase o corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación deste documento, o que será xestionado de oficio.
- i) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.

Artigo 8.—SUBSANACION DE DEFECTOS DE SOLICITUDES

Se o escrito de solicitude non reúne tódolos requisitos necesarios para a súa tramitación, se requirirá o solicitante para que subsane os defectos no prazo máximo de dez días dende a notificación. Transcurrido o prazo sen proceder polo interesado a subsanación terase por desistido da súa petición se archivarán as actuacións conforme o previsto no artigo 71 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 9.—INSTRUCCIÓN

1.—A instrucción do procedemento de concesión de subvención corresponderá ó órgano que se designe na convocatoria.

2.—O órgano competente para instrucción poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3º.—As actividades de instrucción comprenderán a seguintes actividades:

- * Petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver, que deberán emitirse no prazo regulamentario.
- * Avaliación de solicitudes ou peticións segundo os criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras.

4º.—Avaliadas as solicitudes, remitirase o expediente ó órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria ós efectos de emitir informe sobre as solicitudes.

5º.—Á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, o órgano instructor formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse a tódolos interesados na forma que estableza a convocatoria, concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando no figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas aducidas polos interesados, tendo neste caso a proposta de carácter definitivo.

6º.—Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, se formulará polo órgano instructor proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes, especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala.

7º.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración.

Artigo 10.—RESOLUCIÓN

1º.—O órgano competente a vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento.

2º.—A resolución será motivada debendo quedar acreditado os fundamentos da resolución que se adopte. A resolución deberá conter o solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención e desestimación do resto de solicitudes.

3º.—O prazo máximo de resolver e notificar a resolución é de seis meses, de acordo co establecido na lexislación sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. O prazo se computará dende a publicación da correspondente convocatoria. O vencemento do prazo sen haberse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

Artigo 11.—PAGO DA SUBVENCIÓN

1º.—O pago da subvención realizarase, previa xustificación, polo beneficiario ou entidade colaboradora, da realización da actividade, proxecto, obxectivo, para o que se concedeu. Os efectos deberán presentar os beneficiarios:

- * Instancia suscrita polo beneficiario dirixida o Sr. Alcalde da Corporación, solicitando pago da subvención.
- * Memoria da actividade/proxecto realizados.
- * Factura orixinal ou fotocopias compulsadas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no RD 1496/2003.

2º.—O prazo para rendición de contas estableceranse nas diferentes bases reguladoras das subvencións, sen que ningún caso poida exceder de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

Artigo 12.—COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización de actividade e cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.

Artigo 13.—SUBCONTRATACIÓN

Enténdese que existe subcontratación cando un beneficiario concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

As bases da convocatoria de subvencións fixarán a porcentaxe máxima permitida para a subcontratación, que nunca poderá ser superior o 75% do importe da actividade subvencionada. Excepcionalmente e motivadamente nas bases da convocatoria podemos fixar outro máximo distintos.

Artigo 14.—CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos da Corporación.
- b) Aquelas concesións impostas por unha norma de rango legal.

- c) Con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a convocatoria pública.

Respecto as subvencións nominativas as bases de execución do orzamento indicarán as subvencións deste tipo, que se formalizarán mediante convenio no que se determinará a forma de pago e xustificación da subvención. As subvencións que non requiran a forma de convenio abonarase no prazo de quince días hábiles dende a entrada en vigor do Orzamento.

Artigo 15.—REXIME DE REINTEGROS, DE INFRACCIÓN E SANCIÓNS E DE CONTROL FINANCIERO

O réxime de reintegros, de infraccións e sancións e o de control financeiro rexerá polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Rexime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, e conforme a Lei Xeral de Subvencións, se comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

DISPOSICIÓN FINAIS

1.—O Concello de Salceda de Caselas, quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.—A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, a 1 de setembro de 2005.—
Firma, ilexible. 2005008395

E D I C T O

Aprobada polo Pleno da Corporación Municipal a Ordenanza Reguladora da Taxa por Apertura de Establecementos, publicada no BOP nº. 145 de 29 de xullo, para a súa exposición o público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación á mesma, procede á publicación definitiva do seu texto íntegro, para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo que se poderá interpor a partir da súa publicación no BOP, na forma que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20.4.i) do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Fachendas Locais, o Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licenza de apertura de establecementos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOSIBLE

1.—Constitúe o feito imposible da taxa de actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a comprobar se os establecementos industriais e mercantís, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto preciso e previo para o outorgamento por este concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado como se se orixina por comprobacións ou inspeccións nos supostos en que se descubra a existencia de actividade que non están plenamente amparadas pola correspondente licenza.

2.—A tal efecto, terá consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no nº2 deste artigo, esixindo a nova verificación das mesmas.
- d) Traspaso ou arrendo de establecemento
- e) Depósitos de materiais ou xéneros, aínda que dependan dos establecementos situados fora do término municipal e os que correspondan a establecementos sitos neste, que non se comuniquen interiormente co principal provisto de licenza.

3.—A tal efecto terán a consideración de apertura:

- a) Se adique ó exercicio dalgunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, suxeita ou non ó Imposto de Actividades Económicas.